

ASOCIACIÓN DE MULLERES “PEDRA DA VELLA”
CMÑO. DO PEDREGAL, 6
36.315- VIGO
TELF: 654503248
CIF: G- 36837433

**OFERTA DE TRABALLO TEMPORAL PARA CUBRIR O POSTO CREADO
AO ABEIRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2023 EN ENTIDADES
DE CARACTER SOCIAL (3ª CONVOCATORIA)**

A Asociación de Mulleres Pedra da Vella ofrece a posibilidade de optar a presentarse para cubrir os seguintes postos de traballo, baixo a modalidade de contratación temporal

1º.- Monitor/a de Lecer, 6 horas diarias durante dous meses

Titulación requirida: Monitor/a de Tempo de Lecer, Técnico@ en Educación Infantil, Técnico@ en Animación Sociocultural, Maxisterio ou similar.

Criterios de escolma para os postos, por orde de preferencia:

1º.- Que teña a titulación mínima requirida (primarase que dispoñan dun maior nivel de estudos académicos).

2º.- Dominio da lingua galega oral e escrita.

3º.- Si estes filtros non deixan un/unha único@ candidat@ por posto, será a entrevista persoal a que decida @ profesional que se contrate.

No caso de que @s candidat@s non cumpran os requisitos, recurrirase a unha nova convocatoria, a oficina de Emprego ou a outras vías para cubri-lo posto.

CONDICIÓN IMPRESCINDIBLES:

Non se admitirá como candidat@ a ningunha persoa que non resida no Concello de Vigo con anterioridade ó 1 de xaneiro do 2022, que non cumpra coa titulación mínima requirida no posto, agás que ningún candidato dispoña dela, e que non estea en situación de desemprego, ata as 23,59 horas.

A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A documentación entregárase, preferentemente, en man, nas oficinas da Asociación, en horario de 9,30 a 14,30 e de 16,30 a 21,30, nun sobre pechado coa denominación do posto ó que se opta, cunha fotocopia da tarxeta de desemprego, cun volante de residencia ou empadramento actualizado, cunha copia da vida laboral e co Curriculum Vitae. Igualmente aportarán copia dos outros requisitos baremables, se os houber. Tamén poderá achegarse no correo-e cvallada2@telefonica.net ata as 23,59 horas.

Prazo de entrega da solicitude : do 23 ó 29 de maio, ambos inclusive.

Data da escolma: 30 de maio do 2023.

Esta oferta tamén pode consultarse na Web: www.valladares.tv, na web municipal “Asociacións en Rede”, ([http:// asociacions.vigo.org](http://asociacions.vigo.org)) ou nos taboeiros de anuncios do CVCV, do Departamento de Promoción Económica e Emprego e do Centro de Iniciativas de Emprego do Concello de Vigo.

* So se avisará @ candidat@ escolmad@.

A XUNTA DIRECTIVA

SUBVENCIONA

**CONCELLERÍA
DE
EMPREGO**

**CONCELLO
DE VIGO**

